

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

**INFORME TÉCNICO
ASUNTO: SERVICIO DE DESRATIZACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Ante o remate do contrato de desratización existente entre o Concello de Santiago de Compostela e a empresa Arumia, e posto que cómpre seguir prestando dito servizo no municipio o técnico que suscribe entende que é necesario iniciar os trámites para a contratación do Servizo..

O prezo do contrato estímase en 29517,95 € IVE incluído.

As condicións técnicas da prestación do mesmo deberán ser as que quedan recollidas no prego de condicións que se transcribe a continuación

***PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN O CONCURSO
PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DESRATIZACIÓN
E DESRATONIZACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA***

1º.- OBXECTO DO CONCURSO.-

A contratación do servizo para a execución dos traballos necesarios para lograr, en todo o termo municipal, un axeitado control e no seu caso eliminación de aqueles múrdos con influencia sobre a Saúde Pública.

2º.- LUGARES E LOCAIS DE ACTUACIÓN.


As actividades a realizar dentro deste Servizo cumprirán como mínimo a actuación nos seguintes puntos:

- Rede xeral de sumidoiros e desagües de colectores de saneamento.
- Rexistros de alumeadado público e de regulación do tráfico.
- Vías públicas, parques e xardíns.
- Locais, edificios e dependencias de titularidade municipal.
- Sótos, baixos e patios interiores de comunidades de veciños.
- Marxes de ríos.

- E en todos aqueles lugares, locais e zonas que se requiran dende os servizos técnicos do departamento municipal de Sanidade e Medio Ambiente.

3º. PLAN XERAL DE ACTUACIÓN.

As empresas licitadoras virán obrigadas a presentar, xunto coa oferta económica e o resto da documentación esixida no presente prego de prescricións técnicas, un proxecto detallado da forma en que se pensan realizar estes traballos, número de campañas, tratamentos intensivos, atención de avisos, etc., citando expresamente material, tipo de produtos e cantidades, persoal, vehículos e calquera outra instalación con que se contén para iso.



CONCELLO DE SANTIAGO

As empresas licitadoras exporán na súa proposta un plan de acción baseado na sectorización do municipio, estudo de puntos críticos, etc., que demostre ter analizado as particularidades do municipio e unha aproximación das zonas de maior actividade mórda, a efectos de establecer unha programación racional e eficaz de aplicacións de rodenticida que respete en todo momento o ecosistema e o medio ambiente.

Será responsabilidade da empresa adxudicataria a facilitación dun número de teléfono para a atención de denuncias cidadáns. Este número de teléfono será publicado nos medios de comunicación con cargo á empresa adxudicataria durante alomenos dous días en cada campaña intensiva, e atendido diariamente e como mínimo en horario de oficina.

Así mesmo fará constar a súa disposición para realizar accións de maneira inmediata en caso de detectarse calquera tipo de plaga ou situación grave que poida xerar riscos para a Saúde Pública unha vez requirida polos Servizos Técnicos do Departamento Municipal de Sanidade e Medio Ambiente. A estes efectos a empresa que resulte adxudicataria, deberá dispoñer da infraestrutura necesaria en Galicia en orde á correcta prestación do servizo..

A empresa adxudicataria comunicará con carácter previo vía correo electrónico aos técnicos municipais correspondentes o plan de actuación dos seus equipos para a semana, , lugares, horarios aproximados, etc.

O raticida terao o adxudicatario en depósito, podendo os técnicos municipais proceder a súa comprobación, mediante inspección e entrega de albaráns xustificativos.

O persoal que utilice o adxudicatario para a prestación do servizo estará uniformado por conta do mesmo debendo ser os referidos uniformes sometidos á aprobación do concello. En todo caso levarán a seguinte lenda: "Concello de Santiago - Servizo de Desratización"


4º.- AUDITORIA TÉCNICA.

De forma simultánea á realización dos traballos de desratización, deberán analizar cantos datos e indicadores sexan necesarios para poder elaborar unha auditoría técnica semestral que consiga como mínimo os seguintes obxectivos:

- Definir o mapa sanitario de densidades de poboación de roedores do termo municipal.

- Recomendar cantas actuacións de loita pasiva se consideren axeitadas para mellorar a eficacia dos traballos: modificación de infraestructuras, adecuación de zonas degradadas, recomendacións sobre sistemas de lixo, campañas divulgativas, actuacións urbanísticas, en servizos ou limpeza, etc.

- Indicar os resultados do semestre e a súa interpretación.



CONCELLO DE SANTIAGO

- Diseñar novas pautas de traballo en canto a adecuación de prioridades, produtos óptimos a utilizar.
- Planificar o traballo para o vindeiro semestre, indicando claramente os obxectivos que se pretender lograr.
- Indicar os métodos de reavaliación e seguimento.

Esta auditoría técnica estará obrigatoriamente asinada por técnico con título axeitado á materia. Para a súa realización procederase a colocación de cebos-trampa, sondaxes e comprobacións, ou calquera outro sistema axeitado para poder medir a evolución das poboacións de roedores no municipio, efectividade dos métodos, comprobación de resultados, etc.

As empresas licitadoras acompañarán, como anexo do Proxecto Xeral de Actuación esixido no apartado anterior, un apéndice no que se explicarán a metodoloxía que propoñen para realizar esta auditoría técnica e cumprir os obxectivos da mesma.

5º.- DAS EMPRESAS LICITADORAS.

As empresas ofertantes deberán obrigatoriamente estar inscritas no Réxistro Oficial de Establecementos e Servizos Plaguicidas, debendo cumprir co R.D. 3349/83 do 30 de Novembro polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de plaguicidas, modificado polo RD 162/1991, de 8 de febreiro, RD 443/1994 de 11 de marzo, RD 1054/2002 de 11 de outubro y RD 255/2003 de 28 de febreiro así como o resto de disposicións actualmente vixentes.


Disporán das infraestructuras, persoal especializado e equipos suficientes para dar cumprimento ao obxecto do contrato.

Deberán dispoñer dunha póliza de responsabilidade civil que cobra danos a terceiros, producidos como consecuencia do desenvolvemento do servizo de desratización, cunha cobertura mínima de 300.000 €.

A empresa adxudicataria disporá dunha dirección técnica desempeñada por un titulado universitario en técnicas ou ciencias acordes coa materia.

Deberán estar en posesión de certificados ISO 9.000 de xestión da calidade e ISO14.00 de xestión ambiental ou semellantes.

Será necesario que as empresas licitadoras presenten documentalmente a existencia dun programa de xestión, planificación, organización, avaliación e protección dos seus traballadores en materia de riscos laborais, conforme ó establecido na Lei 31/1995 do 8 de Novembro de Prevención de Resgos Laborais e demais disposicións vixentes.



CONCELLO DE SANTIAGO

6º.- DO PERSOAL.

Todo o persoal dedicado á desratización do termo municipal deberá estar en posesión do correspondente Carnet de Aplicador de tratamentos D.D.D., nivel básico, expedido por Organismo Oficial competente.

O persoal aplicador de rodenticidas deberá estar equipado cos equipos de protección individual ou colectivos que se estableceran no programa de xestión dos riscos laborais da empresa, así como ter sido instruído para o seu correcto uso e informado dos riscos inherentes á súa actividade laboral.

7º.- DOS PRODUCTOS.

- As empresas licitadoras obrigatoriamente incluírán a relación de produtos rodenticidas que utilizarán para a realización dos traballos de desratización. Deberán especificar expresamente os quilogramos ou cantidades totais que como mínimo pensen emplear por cada ano de vixencia do contrato, así como as concentracións dos produtos activos, sendo motivo de exclusión as ofertas que non inclúan este dato.

- Os produtos a utilizar deberán ser de baixa toxicidade para persoas e animais domésticos, non producindo ningún tipo de contaminación sobre eles nin sobre plantas nin terreo. As ofertas incluírán información toxicolóxica e os valores DL50 dos mesmos. Así mesmo garantirán documentamente que a degradación dos rodenticidas non consumidos non xenera residuos tóxicos ou perigosos.

- Tódolos produtos a utilizar nos tratamentos estarán regulamentariamente autorizados e inscritos no rexistro de autorizacións e rexistros especiais da Dirección Xeral de Saúde Pública.


- A manipulación, aplicación e almacenamento dos produtos que se empleen será baixo responsabilidade da empresa adxudataria, estando expresamente prohibida a entrega directa a particulares dos produtos rodenticidas.

- Tódolos rodenticidas deberán estar envasados e etiquetados conforme á regulamentación vixente para produtos químicos e sustancias perigosas.

8º.- DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER TÉCNICO A PRESENTAR POLAS EMPRESAS LICITADORAS OBRIGATORIAMENTE.

Suporá a exclusión do concurso a non presentación de:

- Plan Xeral de Actuación para desenvolver en Santiago.
- Metodoloxía para elaborar a Auditoría técnica.
- Produtos a utilizar:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- Denominación química.
 - Marca comercial.
 - Concentración.
 - Cantidades totales/ano.
 - Autorizacións e rexistros.
 - Adecuación ás normas de envasado e etiquetado.
 - Fichas toxicolóxicas.
 - Valores DL50
 - Documentación acreditativa da degradación dos produtos como residuo non tóxico ou perigoso.
- **Persoal:** título universitario do Director Técnico dos traballos e carnet de aplicadores de plaguicidas.
- **Empresas:**
- Póliza de responsabilidade civil.
 - Autorizacións e rexistros como empresa aplicadora de servicios plaguicidas.
 - Plan de prevención de riscos laborais.

9º - CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN

- Realización de alomenos unha actuación ao ano de desinsectación e/ou desinfección nalgún punto de titularidade municipal a requirimento dos servicios técnicos municipais
- Coste unitario de tratamentos de desinsectación e/ou desinfección non incluídos no contrato que poideran requirirse desde o Concello caso de ser necesarios.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2012

O Xefe da Sección de Medio Ambiente e Sanidade



Asdo. Pablo Martín Quinteiro